



NOTA DE PRENSA

Olimpiada Galega de Bioloxía

Santiago, 15 de xaneiro de 2016. Rematou na Facultade de Ciencias da Universidade da Coruña a proba correspondente á Fase Autonómica Galega da Olimpiada de Bioloxía. Esta foi xa a undécima edición do certame e nela participaron 94 estudantes de 24 centros de secundaria de Galicia. O acto foi clausurado polo reitor da Universidade da Coruña, D. Julio Abalde, o decano da Facultade de Bioloxía de Santiago, D. Antonio Segura, o Decano da Facultade de Bioloxía de Vigo, D. Jesús Míguez, o decano do Colexio de Biólogos de Galicia, D. Pelayo Míguez, o Director Xeral de Educación, D. Manuel Corredoira e a Inspectora de Educación D^a Berta Estrada.

Resultaron gañadores:

- Roberto Rilo Antelo, do IES Monelos, de A Coruña
- Marta Míguez Bello, do IES Os Rosais II, de Vigo
- Tania Penas Iglesias, do IES Pontepedriña, de Santiago de Compostela

que representarán á nosa comunidade na Fase Nacional, a celebrar en Vigo no mes de abril.

Para máis detalles: Pablo Fernandes (COBGA).

